



A disposición final décimo quinta da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, modifica o artigo 4 do Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. En virtude desta modificación poderase proceder inmediatamente ao nomeamento de persoal interino por substitución transitoria dos profesores titulares. Esta disposición é tamén aplicable ás substitucións do profesorado nos centros docentes privados sostidos con fondos públicos.

Como consecuencia, a partir do 1 de xaneiro de 2016, desaparece o impedimento do pagamento do profesorado substituto durante os dez primeiros días lectivos que recollía o citado artigo 4 do Real Decreto lei 14/2012, resultando de aplicación o establecido no apartado 6 da Circular número 2//2015, do 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2015  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

